

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Universidade da Coruña (FUAC) para a colaboración no desenvolvemento da formación profesional dual intensiva e o apoio aos programas de bolsas para os/as titulados/as en formación profesional, en ensinanzas artísticas e en ensinanzas deportivas

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

E doutra, Ricardo José Cao Abad, presidente do padroado da Fundación Universidade da Coruña, en representación desta fundación, e de conformidade co establecido no artigo 15 dos seus estatutos: "A presidencia e a vicepresidencia do padroado serán exercidas, respectivamente, pola Reitora ou Reitor ou pola Presidenta ou Presidente do Consello Social, ambos da Universidade da Coruña.

A Secretaría do Padroado será exercida pola Secretaria ou Secretario Xeral da Universidade da Coruña. A Secretaria ou Secretario fará parte do Padroado con voz máis sen voto".

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

1. Que o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, atribúelle, entre outras, o exercicio das seguintes competencias e funcións: en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a coordinación do sistema universitario, o fomento e vertebración das políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación e coordinación de estratexias e programas de I+D+i para a transferencia do coñecemento.

Que a Dirección Xeral de Formación Profesional é o órgano directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponde exercer as competencias e funcións que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de formación profesional, incluída a súa ordenación educativa, así como da xestión dos programas educativos que se desenvolven nos centros que impartan formación profesional, todo iso en coordinación con outras consellerías con competencias na materia, especialmente coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

2. Que a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

3. Que a Fundación Universidade da Coruña (en adiante FUAC), (en adiante FUAC), constituíuse por tempo indefinido como unha Fundación para a promoción, desenvolvemento e financiamento das actividades propias da Universidade da Coruña (UDC) e as súas relacións coa sociedade.

A tal efecto a FUAC inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia co número 1997/22.

Que de conformidade co disposto no artigo 63 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario; dos artigos 20 e concordantes da Lei 14/2011, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación; e dos artigos 2 e concordantes da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego e a súa normativa de desenvolvemento, a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA (FUAC) ten o carácter de Fundación Pública de Interese Galego. Que consonte prevén os artigos 32 e 33 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA (FUAC) ten o carácter de medio propio instrumental e servizo técnico da Universidade da Coruña e das outras entidades e institucións públicas que se incorporen ao Padroado de conformidade co disposto no artigo 15.

4. A FUAC ten por obxecto promover a realización das funcións propias da Universidade da Coruña e do Sistema Universitario de Galicia tal e como estas se definen nos Estatutos, na Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e na Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia ben como tamén das actividades auxiliares precisas para o seu adecuado cumprimento.

5. Que a FUAC promove dende a súa creación, como unha das súas actuacións prioritarias consonte os seus fins fundacionais, a formación práctica de persoas tituladas e estudantes do sistema educativo galego a través dos seus programas de bolsas de formación, co fin último de conseguir un achegamento e a necesaria interacción entre o mundo laboral e o sistema educativo, cos conseguintes beneficios para ambas as partes.

6. Que as partes coinciden en salientar a necesidade de fomentar a formación profesional dual como xeito de incrementar o número de persoas que poidan obter un título de formación profesional, de facilitar a inserción laboral como consecuencia dun maior contacto coas empresas e de incrementar a vinculación e a corresponsabilidade coa formación profesional por parte do tecido empresarial, o que ha poder contribuír directamente a formar os/as futuros/as profesionais que necesita.

7. Neste marco, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a FUAC resaltan a necesidade de uniren esforzos, mellorando o aproveitamento dos recursos

e os medios dos que cada unha dispón, para daren un impulso á implantación da formación profesional dual no tecido empresarial galego, e promover a inserción laboral dos/as titulados/as mediante este programa de bolsas e acordar a subscrición dun convenio de colaboración para impulsar e apoiar as actuacións que se dirixan á posta en marcha dun réxime de bolsas de formación FUAC para titulados/as de formación profesional e un réxime de bolsas FUAC para estudantes de formación profesional dual intensiva na que participa empresas e entidades empresariais e os centros docentes autorizados para impartir ensinanzas de formación profesional dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

8. Que o Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, modifica a Lei Xeral da Seguridade Social engadindo a disposición adicional quincuaxésima segunda (DA52^a), sobre a inclusión no sistema de Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación.

Esta disposición adicional contempla que a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen nos termos desta disposición adicional, incluíndo especificamente nestas prácticas formativas as realizadas polo alumnado de formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

9. Que a Estratexia de FP Galicia 2030, aprobada no consello da Xunta do día 10 de febreiro de 2022, ten como un dos principios que a sustentan a colaboración público-privada entre as administracións e as empresas no proceso de adquisición de competencias por parte da cidadanía, na identificación das necesidades de capacitación e deseño da oferta formativa, incluíndo a modalidade dual, ou levar a cabo actuacións de difusión das ensinanzas de Formación Profesional. Neste sentido, destaca o obxectivo estratéxico 1.2 que busca impulsar a colaboración na formación entre os sectores produtivos e o ámbito educativo.

O Plan Conecta FP Galicia, integrado na devandita estratexia, ten entre os seus obxectivos a mellora da competitividade das empresas, dando resposta ás necesidades de capacitación

que deben ter os traballadores que precisan, detectando as necesidades formativas dos sectores produtivos e deseñando unha oferta de formación profesional do sistema educativo adaptada ás mesmas.

En consecuencia, as entidades asinantes, de conformidade co exposto, formalizan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións xerais polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a FUAC para:

- a. A creación dun programa de bolsas de formación destinadas a titulados/as en formación profesional, en ensinanzas artísticas e nas deportivas do sistema educativo, para proporcionarlles unha maior formación e cualificación práctica e así facilitar a súa inserción profesional.
- b. A colaboración no desenvolvemento da formación profesional dual intensiva no sistema educativo, mediante a implantación e a aplicación dun réxime de bolsas FUAC para o alumnado da formación profesional dual intensiva.

Segunda. Programa de bolsas de formación para os/as titulados/as en formación profesional, en ensinanzas artísticas e en ensinanzas deportivas do sistema educativo

O obxecto deste apartado do convenio é establecer as condicións xerais polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a FUAC para apoiar as actividades da FUAC relacionadas co desenvolvemento de programas de formación práctica en empresas de persoas tituladas en formación profesional, ensinanzas artísticas e ensinanzas deportivas do sistema educativo de Galicia, así como a súa promoción e divulgación social.

De acordo con este obxectivo e no contexto da colaboración que establece este convenio, a FUAC implantará e desenvolverá programas e actuacións específicos encamiñados a desenvolver o mecanismo que facilite a realización, por parte das persoas tituladas en formación profesional, ensinanzas artísticas e ensinanzas deportivas, de prácticas de formación en empresas de calquera tamaño e sector de actividade.

En consecuencia, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a FUAC colaborarán para proporcionarlles ás empresas que o soliciten os perfís profesionais demandados relativos a persoas tituladas en formación profesional, ensinanzas artísticas e ensinanzas deportivas, de xeito que leven a cabo un período de prácticas e formación na propia empresa en condición de bolseiros.

A FUAC comprométese a desenvolver o papel de interlocutora coas empresas, recollendo as súas solicitudes e establecendo as bases e os criterios para o programa de bolsas destinado ás persoas tituladas de formación profesional, ensinanzas artísticas e ensinanzas deportivas do sistema educativo de Galicia, que se adapten ao perfil demandado. Igualmente obrígase a difundir publicamente entre as persoas tituladas a existencia de programas de bolsas de formación e prácticas.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a FUAC, na medida das súas competencias, levarán as actuacións necesarias para que no Servizo Público de Emprego de Galicia se facilite información ás persoas demandantes de emprego que teñan a condición de tituladas en formación profesional, ensinanzas artísticas e ensinanzas deportivas sobre a existencia dos programas de formación da FUAC, e que se recolla, de ser o caso, o seu interese polo devandito programa.

Este programa de bolsas de formación da FUAC é un mecanismo de natureza extralaboral pensado co fin de beneficiar directamente aos/ás propios/as bolseiros/as para que perfeccionen os seus coñecementos, permitindo así ampliar o seu campo de coñecementos. O programa de bolsas de formación da FUAC cumpre os requisitos previstos na Disposición adicional quincuaxésima segunda. Inclusión no sistema de Seguridade Social de alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación, modificado polo Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións. Nel

regúlanse os termos e as condicións de inclusión non réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, polo que a devandita norma resulta de aplicación.

Terceira. Colaboración no desenvolvemento da formación profesional dual intensiva no sistema educativo, mediante a implantación e a aplicación dun réxime de bolsas FUAC

O réxime de bolsas destinado ao alumando da formación profesional dual intensiva é un mecanismo de natureza extralaboral, pensado co fin de beneficiar directamente as propias persoas bolseiras, para recibiren a formación necesaria para a obtención da titulación de formación profesional. O programa de bolsas de formación de FUAC cumpre os requisitos previstos na Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, modifica a Lei Xeral da Seguridade Social engadindo a disposición adicional quincuaxésima segunda (DA52ª), sobre a inclusión no sistema de Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación, que resulta de aplicación.

A implantación e a aplicación do réxime de bolsas, con suxeición ás condicións e ás características recollidas no presente convenio, terá lugar mediante a inclusión, no proxecto de formación profesional dual intensiva que se formalice entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a empresa colaboradora, dun sistema de bolsas dirixido ao alumnado participante.

Para os efectos do disposto anteriormente e nos supostos en que as empresas que asinen convenios coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para colaborar na formación profesional dual intensiva opten por incluír un réxime de bolsas para os estudantes aos que se refire o proxecto de formación, o devandito réxime de bolsas poderá ser o das bolsas de formación profesional de estudantes de FUAC; neste caso, o réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. A empresa, en virtude da sinatura do convenio coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, adquirirá o status de entidade colaboradora do Programa de bolsas formación profesional dual (PBFpd). A administración

- educativa informará a FUAC das sinaturas de convenios con empresas para desenvolver formación profesional dual intensiva no réxime de bolsas.
- b. Para a efectividade da bolsa, as empresas aboarán á FUAC en períodos mensuais e con carácter irrevogable a cantidade económica estipulada no convenio asinado entre a empresa e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o importe da cotización á seguridade social Os ingresos deberán facerse efectivos nun número de conta da que é titular a FUAC e do que será informada a empresa.
 - c. Ademais, a empresa aboará a FUAC o importe da cotización á Seguridade Social do alumnado correspondente; pola súa parte a FUAC encargarse da inclusión no sistema da Seguridade Social do referido alumnado: xestionar as altas e baixas do alumnado e o pago das cuotas correspondentes.
 - d. Para a efectividade do réxime de bolsas, as empresas colaboradas e as persoas borseiras deberán, en todo momento, cumprir os requisitos establecidos na normativa que regula a formación profesional dual intensiva e nos convenios asinados entre empresa e Administración educativa, dos que se entregará copia a FUAC a fin de que, xunto cos informes do seguimento que no seu caso se efectúen, poida levar a cabo tanto a efectividade da bolsa como o control do cumprimento do réxime da mesma.

Cuarta. Difusión das actividades

A FUAC obrígase por este convenio á realización das accións obxecto do mesmo e a facer constar en calquera tipo de publicidade e información que realice ao respecto a participación e a colaboración da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Quinta. Obrigas laborais

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual nin de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, de tal xeito que non se lle pode

esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

Sexta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e reunirse cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, unha delas exercerá a presidencia da comisión.
- Dúas persoas representantes da FUAC.
- Unha persoa representante da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que exercerá de secretaria.

A comisión ditará as súas propias normas internas de funcionamento e deberá reunirse sempre que sexa necesario para o bo fin da colaboración. Entre outras, á comisión corresponderanlle as seguintes funcións:

- Propor actuacións concretas de colaboración.
- Preparar as addendas ou os anexos de execución do presente convenio sobre as modalidades de colaboración recollidas nel.
- Realizar o seguimento das actuacións específicas que se leven a cabo, así como aclarar e decidir cantas dúbidas poidan xurdir na súa interpretación e execución.

Sétima. Vixencia

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

Oitava. Causas de resolución

Serán causa de resolución do presente convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Novena. Obrigas económicas

Da aplicación deste convenio non se derivará contraprestación económica algunha entre as partes asinantes do mesmo.

Décima. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, as partes implicadas no que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décimo primeira. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e

co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. Carácter administrativo

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade co exposto, as partes asinan o convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

O presidente do padroado da Fundación Universidade da Coruña (FUAC)

Ricardo José Cao Abad